



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

BASES DO XXI CERTAME DE POESÍA “FRANCISCO AÑÓN”

PRIMEIRA: Poderán participar todas as persoas interesadas, de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en Lingua Galega. Os textos presentados deberán ser inéditos.

SEGUNDA: Establécense as seguintes categorías e premios por idades, que se contabilizarán ata o 3 de abril, data de remate de entrega dos traballos:

- ⇒ **Categoría A:** Nenos/as de 6 a 7 anos. Premios:
 - 1º Clasificado: Vale de 120 € en libros e publicación da obra galardoada.
 - Accésit: Publicación da obra.
- ⇒ **Categoría B:** Nenos/as de 8 a 9 anos. Premios:
 - 1º Clasificado: Vale de 150 € en libros e publicación da obra galardoada.
 - Accésit: Publicación da obra.
- ⇒ **Categoría C:** Nenos/as de 10 a 11 anos. Premios:
 - 1º Clasificado: Vale de 180 € en libros e publicación da obra galardoada.
 - Accésit: Publicación da obra.
- ⇒ **Categoría D:** Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos. Premios:
 - 1º Clasificado: Vale de 210 € en libros e publicación da obra galardoada.
 - Accésit: Publicación da obra.
- ⇒ **Categoría E:** Mozos e mozas de 15 a 17 anos. Premios:
 - 1º Clasificado: Cheque por valor de 450 € e publicación da obra galardoada.
 - Accésit: Publicación da obra.
- ⇒ **Categoría F:** Maiores de 18 anos. Premios:
 - 1º Clasificado: Cheque por valor de 1200 € e publicación da obra galardoada.
 - Accésit: Publicación da obra.

*O importe dos premios estará suxeito á lexislación fiscal vixente

TERCEIRA: Para a categoría E, as obras terán unha extensión mínima de 150 versos.

CUARTA: Para a categoría F, as obras terán unha extensión mínima de 200 versos.

QUINTA: Farase unha edición compilatoria que recolla os textos galardoados en cadansúa categoría.

SEXTA: Realizarase unha edición exclusiva co poemario galardoado co primeiro premio da categoría de maiores de 18 anos.

SÉTIMA: Os traballos presentaranse en sobre pechado, orixinal e cinco copias, figurando no seu exterior a mención “XXI Certame Francisco Añón de Poesía”. No seu interior achegarase un sobre pequeno, tamén pechado, figurando no exterior o título da obra, a categoría na que participa e o lema ou pseudónimo do autor; e no interior os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos, título da obra e lema ou pseudónimo) e fotocopia do DNI ou CIF. Estes traballos recolleranse na Casa da Cultura, Avda. de San Campio,1 - 15230 Outes (A Coruña). Tamén poden enviarse por correo ao devandito enderezo.

OITAVA: O prazo de presentación rematará o luns 3 de abril de 2017.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

NOVENA: O xurado, que se dará a coñecer oportunamente, será nomeado polo Concello de Outes. O día 17 de maio de 2017, dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras, darase a coñecer a decisión do xurado nun acto público no que, ademais de facer a entrega ás persoas premiadas, celebrarase a presentación dos libros "XX Certame Francisco Añón de poesía, 2016" (compilatorio) e tamén a separata do libro gañador da categoría (F) *Deshabitar unha casa*, de Miriam Ferradães Ferradães.

DÉCIMA: Aqueles orixinais non premiados serán devoltos nun prazo de tres meses, previa solicitude por escrito. As devolucións efecturaranse persoalmente ou na persoa en quen delegue o propio autor/a (debidamente acreditada e coa correspondente autorización asinada), nas dependencias da casa da cultura de Outes. O concello de Outes non se fará cargo dos custos de devolución. Transcorrido o dito prazo, os poemarios serán destruídos.

UNDÉCIMA: A decisión do xurado será inapelable. A participación no presente certame implica a aceptación das anteriores bases.